

ACTA N° 04/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
Dna. Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 24 de xaneiro de 2011, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se presentan.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Non hai.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 203/10 – D. JOSÉ LUIS SANTOMÉ GAYO presenta proxecto básico de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente no barrio da Paradela, 47, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, datado en setembro de 2010.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 24 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE

INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto básico de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente está redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez. Presenta a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva
- Memoria construtiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido na NN.SS municipais.
- Cumprimento do CTE (DBSI) seguridade en caso de incendios.
- Estudo de xestión de residuos.
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Condicións mínimas de habitabilidade que deben reunir as vivendas decreto 29/2010.
- Prego de condicións técnicos
- Medicións e presuposto
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.
- Cuestionario de estatística.
- Presenta oficio de dirección de obra asinado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 29 de novembro de 2010.
- Presenta oficio de dirección de obra asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez asinado o día 27 de outubro de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.100,00 €
Taxas licenza urbanística.....	262,50 €
Cartel de obra.....	110 €
Sinalamento aliñación e rasante.....	65 €

3.B) EXPTE. 31/10 – D^a MARÍA MATILDE MALVIDO MARCOS E D. DAVID MORTÓN MORENO presentan proxecto de reparación e conservación de vivenda unifamiliar e construción anexa, no Cruceiro 57 – 58, barrio San Martiño, redactado pola arquitecta técnica D^a Sofia Rúa Piñeiro, visado o 11 de marzo de 2010.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 24 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente.**

Edificación en fóra de ordenación afectada por un sistema viario.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no art.º 9 da Lie 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se concretan na memoria descriptiva, conleva o mantemento estrutural da edificación salvo reforzos circunstanciais e puntuais, así como a preservación do uso existente.

A teor deste, só se poderán autorizar obras de conservación, hixiene e ornato destinadas a garantir as mesmas condicións de habitabilidade, quedando prohibidas aquelas obras que conleven aumento de volume, modificación de estrutura e/ou fachada, consolidación e mellora ou ampliación de edificación.

Presenta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, Delegación Territorial de Pontevedra. Mediante escrito con rexistro de entrada nº 99 do 05 de xaneiro de 2011. Autorízase a reparación de cuberta e conservación de vivenda e construción anexa, sempre que se actúe sobre o volume construído e non se aumente ou altere o mesmo.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.124,21 €
Taxas licenza urbanística.....	100,38 €
Cartel de obra.....	110 €

4.- OUTROS ESCRITOS OU LICENZAS

EXPTE. 205/10 CARLOS ALONSO CALVAR solicita cambeo de titularidade da licenza de obra nº 205/2010 para o nome de SOCIEDADE COOPERATIVA AUTOESCUELA DORNA.

Dáse conta do informe técnico, que literalmente dí:

Con data do 13 de setembro do 2010 a Xunta de Goberno local, entre outros adoptou o acordo de conceder licenza de reforma interior de oficina para vivenda, según proxecto redactado polo arquitecto D. Marcos Cristal Pérez, a petición de D. Carlos Alonso Calvar.

O día 19 de xaneiro de 2011, D. Carlos Alonso Calvar, mediante instancia con rexistro de entrada nº 374, solicita cambio de titular da licenza concedida en favor de Sociedad Cooperativa Galega Auto-Escuela Dorna.

Conclusión:

Procede informar favorablemente o cambio de titularidade.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros, asistentes acorda o cambeo de titularidade solicitado.

5.- PROPOSTAS DE GASTOS

5.A) Vista a necesidade de que o cemiterio de Domaio de Domaio se abasteza de enerxía eléctrica mediante o subministro por unha empresa autorizada, pediuse un orzamento á Unión Fenosa Distribución, S.A. que valorou en 132,92 euros (ive incluído) os traballos necesarios para posibilitar a conexión á rede. Indican tamén na valoración que dita cantidade non inclúe os dereitos que o usuario final deba pagar no momento da contratación.

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado para a imputación ao orzamento de 2010, prorrogado ao 2011, por un importe de 132,92 €, con cargo á partida 1640 22699

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta, autorizando e comprometendo o gasto, con cargo a partida 1640 226900, e librar un pago a xustificar a Victor Pastoriza Lino por importe de 132,92 euros, en concepto de pagamento dos dereitos de acometida eléctrica para o cemiterio de Domaio, dada a imposibilidade material de realizar o pagamento doutro xeito a Unión Fenosa.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ao departamento de Intervención aos efectos oportunos.

5.B) Co fin de acondicionar o adro de San Bieito, solicitouse a colaboración e autorización da Deputación para o soterramento de liñas eléctricas na Estrada 1103. Vista a liquidación da taxa da Deputación de Pontevedra por importe de 60,80 euros pola canalización de 50 metros en E.P. 1103 San Benito-Domaio, notificada a este Concello o 13 de xaneiro de 2011,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010, prorrogado ao 2011, acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectuou para este gasto na partidda 9200 22502,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto, e recoñecendo a obriga con cargo á partidda 9200 22502..

6.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D.^a María Luz Miragaya Yáñez, traballadora laboral do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros para devolver en 24 mensualidades, de acordo co convenio colectivo. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extinguiase a súa relación laboral co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto que o comité de persoal laboral dá o seu visto e prace á solicitude,

Visto o informe do 4 de xaneiro de 2011 da técnica de RRHH, favorable á concesión do anticipo solicitado,

Visto o informe favorable do interventor do 24 de xaneiro de 2011,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D^a María Luz Miragaya Yáñez o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrable en 24 mensualidades.

7.- SOLICITUDE DE SUBSTITUCIÓN DE FIANZA

Por escrito con entrada no rexistro do Concello o día 3 de xaneiro de 2011, dende o departamento de administración de Composan Construcción SA comunican que están interesados en ofrecer un cambio do aval depositado para responder da obra *Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)*, -nº de aval 462930 do Banco Guipuzcoano, por importe de 16.201,41 euros-.por outro de idéntica cantidade e concepto. Indican que dita garantía non vence ata o 16.09.19 e que para liberar a liña da entidade financeira no que foi emitido, solicítalles o orixinal da carta de pagamento.

Visto o informe da tesoureira do 4 de xaneiro de 2011, no que indica que non hai impedimento ao pretendido *sempre que se acorde a devolución sometida á condición suspensiva do previo depósito dunha garantía válida polo mesmo importe e concepto*,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar o cambio solicitado previo o depósito dunha nova garantía que a substitúa, segundo se recolle no informe da tesoureira municipal.

8.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXA

D. David Santomé Riobó, por instancia do 18.01.11, expón que o día 13 deste mes solicitou dous informes da Policía local e fixo o pago das taxas correspondentes, 14 euros. O luns día 17 de xaneiro comunicanlle que non llos poden entregar debido a que se remitiron ao Xulgado. Solicita a devolución das taxas pagadas,

Visto o informe do xefe da Policía local do 19 de xaneiro de 2011 que indica que non se lle facilitou copia de ditos informes porque foron entregados no Xulgado de Paz de Moaña como parte dun atestado policial, e que foron elaborados por parte da Policía e non a requirimento do solicitante. Achega copia da solicitude do sr. Santomé solicitando os informes e dos recibos de pagamento.

Visto o informe da tesoureira do 21 de xaneiro, no que informa que dado que a actividade administrativa de elaboración dos informes se levou a cabo de oficio e dado que os informes non foron facilitados ao solicitante, resulta claro que non se produciu o feito imponible recollido no artigo 2.1. da Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, polo **que procede a devolución** do ingreso indebido por importe de 14 euros a favor de David Santomé Riobó. Indica a tesoureira, ademais, que é preciso que o interesado presente no rexistro do Concello e dirixido á Tesourería, o certificado de titularidade da conta bancaria na que se deba facer efectiva a devolución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución solicitada nos termos recollidos no informe da tesoureira.

9.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

9.A) Visto o informe da Tesourería municipal do 19 de xaneiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Iberdrola Generación S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

*IBERDROLA GENERACIÓN S.A.U. (CIF A95075586)

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
DECEMBRO 2010	7.140,76	107,11

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de IBERDROLA GENERACIÓN, S.A.U. por importe de 107,11 euros polo periodo de decembro 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

9.B) Vistos os informes da Tesourería municipal do 19 e 24 de xaneiro de 2011, en relación ás liquidacións da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentada por France Telecom España S.A., no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A. (CIF A82009812)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
2º TRIMESTRE 2009	28.884,64	433,27
4º TRIMESTRE 2010	12.257,08	183,86

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do periodo executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as contías das liquidacións reflectidas nos informes da Tesourería, correspondente ás taxas por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de France Telecom España, S.A., por importe de 617,13 euros, polos períodos recollidos nos informes, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.- RECLAMACIÓN DE VADOS

10.A) O Servizo de Xestión Tributaria do ORAL, por oficio do 5 de xaneiro de 2011, solicita informe en relación ao recurso presentado por D. José Manuel Martínez Sousa en representación da Chapistería Sousa, S.L. referente ás taxas –vado- co obxecto tributario sito na Rúa Daniel Castelao nº 24, baixo, vado nº 135, no que solicita a anulación do recibo da taxa por non ter vado ningún.

Comprobada na documentación obrante na Secretaría municipal que o 21.10.05 solicitara xa o sr. Martínez a baixa do padrón de vados de 2006, e que mediante oficio con rexistro de saída nº 81/2006 se lle notifica a estimación da reclamación contra a súa inclusión no padrón de vados condicionada á entrega da placa -135- na Recadación municipal, cuxa entrega está confirmada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: dar de baixa no Padrón de Vados 2006 a Chapistería Sousa S.L. (B36205417) polo vado nº 135 da rúa Daniel Castelao, O Con, 24 – baixo, e anular os recibos emitidos dende o ano 2006 en adiante..
Segundo: trasladarlle o acordo ao ORAL.

10.B) O Servizo de Xestión Tributaria do ORAL, por oficio do 5 de xaneiro de 2011, solicita informe en relación ao recurso presentado por D. José Casás Cordeiro referente

ás taxas –vado- co obxecto tributario sito na Avda. Fragata Lealtad 29, vado nº 71, no que solicita a anulación do recibo da taxa por non ter vado ningún nin solicitalo nunca,.

Comprobada na documentación obrante na Secretaría municipal que o día 14.10.2005 o sr. Casás reclamara xa contra a súa inclusión no padrón de vados co nº 71 por no ter vado ningún, e visto ademais que a súa reclamación se inclúe nas estimadas pola Xunta de Goberno do 26 de decembro de 2005,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: dar de baixa no Padrón de Vados 2006 a D. José Casás Cordeiro. (76806738 D) polo vado nº 71 da Avda. Fragata Lealtad, 29, e anular os recibos emitidos dende o ano 2006 en adiante..
Segundo: trasladarlle o acordo ao ORAL.

11.- LUDOTECA: ALTA

Visto o informe do 24 de xaneiro de 2011 remitido pola coordinadora da Ludoteca en relación a solicitude que se recibiu para a admisión dunha nena no servizo da Ludoteca municipal, así como as tarifas que lle corresponde en función da ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no servizo municipal da Ludoteca á seguinte usuaria, con indicación do seu nome, o nº de socia, tarifa que lle corresponde e nome da persoa responsable obrigada ao seu pagamento:

Socio	Aitana Carmoega Domínguez	Art. 4 Epgr. 1º
240	EVA DOMÍNGUEZ SANTACLARA (nai)	53.186.078 G

Segundo: Trasladar á Recadación municipal a presente resolución.

12.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
JAIME GUTIÉRREZ RODRÍGUEZ	Saneamento, uso doméstico	Fanequeira, 90 B	Dereitos conexión.....180 €	Aqualia Arquitecto técnico
BEATRIZ COSTA PEREZ	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 135 – 2º B	Taxas 60 € Fianza 20 €	Aqualia
SUSANA PEREIRO RIOS	Saneamento, uso doméstico	Pombal, 73 - Meira	Dereitos conexión.....180 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.